Os sectores que conforman o Consello Escolar: a ANPA e o Concello contribúen a formar parte de actividades deportivas, culturais e pedagóxicas do noso centro, para que as nenas e os nenos poidan realizar actividades extraescolares.

O centro cumpre coas esixencias do RD 132/2010, do 12 de febreiro, e as condicións axeitadas de funcionalidade, habilidade, versatilidade e seguridade.

Contamos con tres aulas de E.I, unha por 4º, 5º e 6º de E.I. Ademais, dispoñemos de un patio cuberto e parque nun entorno natural, aseos para o alumnado e o persoal docente, despacho de dirección, secretaría, sala de mestres, biblioteca, laboratorio, aula de psicomotricidade, diferentes departamentos (AL, apoio en E.I, relixión, música, inglés e orientación. En canto a este, é compartido ó contar con menos de 12 unidades). Tamén ofrece servizos de transporte escolar e comedor, o cal está xestionado pola ANPA.

A xornada é continúa e o horario é de 9 a 14h. Ademais, os titores permanecemos no centro os martes pola tarde para atender a familias (16:15-17:15) e ás reunións dos equipos que compoñen o centro (17:15: 19:15h).

En concreto, en Educación infantil contamos co seguinte alumnado: en 4º son 12, en 5º, 15 e en 6º, 12. A lingua vehicular será a lingua materna maioritaria do alumnado, sendo esta o galego, e potenciaremos tamén a lingua da contorna.

Para concluir, na práctica educativa traballamos en todo momento cun currículo aberto e flexible que permitirá engadir, modificar ou quitar o que se estime convinte para adaptalo a realidade concreta e responder a diversidade do grupo. A continuación presentaremos o resto de elementos desta programación didáctica.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1							
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1							
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.		1						

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1							
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.								1
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.					1			
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva					1			
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable						1		
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos						1		
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.			1					
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.			1					
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.					1			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.					1			

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Benvidos á escola	Esta Unidade Didáctica fai referencia o gusto pola escola que debemos fomentar no noso alumnado, contextualizando o espazo de aprendizaxe a vez que se traballan as normas básicas de convivencia, a amizade, aprender a compartir... Lévese a cabo no mes de setembro e na primeira quincena do mes de outubro.	93	X		
2	O Outono	Nesta Unidade traballaremos festas de tradición popular coma o Samaín e o Magosto, xunto coa estación do outono, otorgándolle ós nenos o feito de coñecer as súas características, tradicións e costumes. Lévese a cabo na segunda quincena do mes de outubro e na primeira de novembro.	93	X		
3	As luces do Nadal.	Nesta Unidade traballaremos a estación do inverno, xunto coa festa tradicional do Nadal para aproximarnos a nosa cultura, sen perder de vista o carácter festivo e lúdico que envolve a festa. Realízase na segunda quincena de novembro e a decembro.	93	X		
4	O noso corpo	Esta UD fai referencia a algo tan significativo para o alumnado como é o coñecemento do seu propio corpo. O nacemento, as diferentes partes do corpo, órganos do mesmo, identificación dos sentidos... É un tema de especial relevancia para o desenvolvemento da personalidade do alumnado, pois para iso requírese o coñecemento e a aceptación da súa identidade. Esta UD levarase a cabo durante o mes de xaneiro e principios de febreiro.	93		X	
5	A vida na contorna	O feito de levar a cabo esta UD refírese a necesidade de dar a coñecer ó noso alumnado as costumes e tradicións da sociedade na que está inmerso, sendo a festa do Entroido. Aquí faremos desde receitas típicas do mes de febreiro, pasando por pintacaras ata contos que nos mostren as personaxes típicos desta festa: os	93		X	

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A vida na contorna	peliqueiros de Laza, pantalla de Xinzo, Madamas e Galáns de Cobres, Xenerais da Ulla, etc....	93		X	
6	Vida saudable e deporte.	Esta UD adquire unha importancia salientable desde o punto de vista do fomento da alimentación saudable. Os sentidos como medio para explorar alimentos e sensacións. Así coma a importancia do deporte para o benestar físico e mental das persoas. Coñeceremos diferentes deportes tanto de inverno coma de verán. Desenvolverase durante o mes de marzo.	93		X	
7	A primavera e os seus bechiños.	Con esta UD preténdese que o alumnado descubra e viva os cambios tan salientables que se producen na natureza durante esta época do ano. É o momento idóneo para investigar sobre os seres vivos, tanto prantas como animais profundizando sobre as súas partes e o seu desenvolvemento na natureza. Levarémola a cabo no mes de abril.	93			X
8	A nosa cultura.	Unidade especialmente importante e destacable na nosa Comunidade Autónoma xa que investigaremos sobre diferentes aspectos culturais e tradicionais de Galicia, así como do contorno máis próximo a área de influencia do centro. De xeito especial adicarase unha parte importante da unidade ás Letras Galegas coa vida e obra de Luísa Villalta (persoa homenaxeada neste ano 2024). Desenvolverémola durante o mes de maio	94			X
9	Cando o mar peta na porta,	Achegámonos ó remate do curso e aproveitando a contorna do centro próxima ao mar da A Lanzada, traballaremos sobre todos aqueles aspectos relacionados co mesmo. Así como diferentes tipos de peixes, traballos relacionados co mar, deportes e o ocio e turismo na zona. Levarase a cabo durante o mes de xuño ata o remate do curso.	95			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Benvidos á escola	93

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	-Verbaliza e acepta diferenzas físicas entre as persoas. -Non mostra actitudes discriminatorias ante as diferenzas individuais.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	- Asocia número-cantidade. - Escribe as grafías do 1 ao 5. - Fai agrupacións de obxectos atendendo a unha determinada cantidades.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	- Recoñece na súa contorna algunhas figuras xeométricas : círculo, cadrado e triángulo.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	- Ordea temporalmente feitos da súa propia vida e accións cotiás na escola.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	-Participa nos xogos libres e dirixidos axustándose ás súas posibilidades persoais.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	-Emprega expresións convencionais de cortesía para saudar, despedirse, agradecer, solicitar axuda,etc...	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	- Ten un discurso coherente e sabe pedir as cousas. - Incorpora ao seu vocabulario palabras novas. -É preciso nas súas explicacións, expresándose con frases correctas e terminadas.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	- Manifesta interese en comunicarse con outras persoas. -É quen de manifestar verbalmente o seu agrado ou molestia nas interaccións cos demais.	TI
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	-Mostra iniciativa nas propostas de aula. - Ten confianza nas súas posibilidades nas tarefas habituais. - Actúa con decisión cando realiza unha actividade ou xogo.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	- Identifica as persoas do marco social da escola.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	-Amosa unha actitude positiva ante as actividades propostas. - Séntese a gusto nas rutinas da aula. -Segue as ordes das rutinas correctamente. - Respectas os compañeiros/as e persoas adultas.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	- Progresar no control e precisión do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	- Recoñece e respecta as diferentes familias que hai no seu entorno máis próximo (Na escola).	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	<ul style="list-style-type: none"> - Resolve conflitos e fomenta un clima agradable. - Relacionase ben cos demais compañeiros/as. - Participa nos xogos colectivos. 	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	<ul style="list-style-type: none"> - Relacionarse cos compañeiros/as na vida da aula. - Ten capacidade para xogar cos seus compañeiros/as chegando a acordos. 	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	<ul style="list-style-type: none"> -Participa no xogo simbólico reproducindo condutas, accións ou situacións, sen estereotipos. 	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	<ul style="list-style-type: none"> -Acepta e respecta as normas sociais de funcionamento na aula. -Respecta aos compañeiros/as e persoas adultas. -Non mostra actitudes discriminatorias ante as diferenzas. 	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva proponendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	<ul style="list-style-type: none"> - Resolve positivamente os conflitos cotiás.- - Móstrase conciliador/ora nos conflitos que xurden no xogo. - Ten en conta os criterios dos demais para a resolución dos conflitos. 	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica e valora manifestacións culturais propias e doutras realidades. 	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	<ul style="list-style-type: none"> -Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, poesías, rimas, adiviñas,etc... 	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	<ul style="list-style-type: none"> - Escoita, interpreta e reproduce cancións, ritmos, bailes,etc... 	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	<ul style="list-style-type: none"> -Expresa gustos e opinións nas diferentes manifestacións artísticas. 	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> -Participa e elabora creacións plásticas e creativas utilizando diferentes técnicas e materiais. - Participa activamente nas actividades plásticas grupais. 	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	<ul style="list-style-type: none"> - Usa o panel dixital. -Utiliza , na medida das súas posibilidades, as ferramentas dixitais. 	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.

Contidos

- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- A escola.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
2	O Outono	93

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	-Representa as mensaxes recibidas en diferentes manifestaciones artísticas. - Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.	TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	- Asocia os números coas cantidades representadas. - Escribe as grafías dos números do 1 ao 6. - Realiza cálculos sinxelos.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	- Recoñece na súa contorna algunhas figuras xeométricas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	- Participa nos xogos tradicionais do magosto axustándose as súas posibilidades persoais.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	- Relacionase cos seus compañeiros/as a través da fala. - Emprega expresións convencionais de cortesía para saudar, despedirse, agradecer, pedir perdón, etc...	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	-Utiliza expresións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	- Participa nos xogos con unha actitude de empatía. - Acepta as diferenzas individuais dos seus compañeiros/as.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	- É respectuoso/a co medio natural no que vive e os animais que habitan nel na época do outono. - Identica o impacto causado polo ser humano no medio: incendios.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	- Identifica elementos naturais na estación do outono: auga, terra , aire. - Describe as características dos medios naturais na estación do outono.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	- Identifica entre ser vivo e obxeto inerte. - Identifica algunhas características dos seres vivos (árbores, froitos de outono, animais, etc.).	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	- Escoita con atención e goce a lectura de diferentes textos literarios. - Memoriza e recita textos literarios relacionados co outono: adiviñas, contos cantados, poesías, refráns, etc.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	- Participa nas actividades dramáticas e musicáis. - Escoita e reproduce cancións, ritmos, bailes, etc. relacionados co outono	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- Expresa gustos e opinións en diferentes manifestacións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	- Elabora e participa en creacións plásticas creativas utilizando distintas técnicas e materiáis. - Participa nos traballos en grupo.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	- Utiliza na medida das súas posibilidades as ferramentas dixitais (panel dixital, beebot, ordenador, etc.).	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	- Representa as mensaxes recibidas en diferentes manifestacións artísticas. - Respecta as quendas da palabra e sabe escoitar.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Memorización e recitado de textos literarios. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

Contidos
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
3	As luces do Nadal.	93

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	- Fai uso dos diferentes recursos plásticos, como medio de expresión e comunicación de emocións, ideas e pensamentos.	TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	-Asocia número- cantidade. - Escribe as grafías do 1 ao 7. - Realiza calculos e estimacións sinxelas .	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	- Emprega expresións convencionais en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa e quendas de diálogo.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	-Recoñece na súa contorna algunhas figuras xeométricas: esfera	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	-Participa nos xogos libres ou dirixidos .	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	-Expresase con espontaneidade e coherencia as súas inxedanzas, gustos e preferencias.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	- Coñece diferentes oficios e recoñece o seu valor na sociedade. -Valora os diferentes servizos da contorna (mercado, atención sanitaria, bombeiros, etc...).	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	- Participa e goza das festas, costumes e tradicións do Nadal.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	- Escoita con atención e goza na lectura de textos literarios relacionados co Nadal.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	-Participa nas actividades dramáticas e musicais nestas datas de Nadal (Festival de Nadal). -Escoita e reproduce cancións e bailes relacionados co Nadal.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	-Ten intención expresiva nas diferentes manifestacións artísticas.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	-Representa as mensaxes recibidas en diferentes manifestacións artísticas. -Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	-Realiza creacións plásticas e creativas con distintos materiais. - Participa nas propostas de actividades plásticas grupais.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	- Expresa emocións, ideas e pensamentos a través das producións plásticas, artísticas e culturais.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- Expresa gustos, preferencias e opinións sobre diferentes producións artísticas.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	- Valora e respecta as producións artísticas dos demais.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Elabora creacións plásticas a partir das linguaxes musicais, orais, escrito e corporal.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	-Fai uso das ferramentas dixitais.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	-Expresase de maneira creativa utilizando diversas ferramentas (aplicacións dixitais, visuais,etc...).	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Memorización e recitado de textos literarios. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos. - Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas. - Respecto cara ás producións alleas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Planificación da acción en producións plásticas. - Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. - Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

UD	Título da UD	Duración
4	O noso corpo	93

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	<ul style="list-style-type: none"> - Clasifica os obxecto atendendo á posesión dalgún atributo. - Agrupa obxectos por semejanza. 	TI
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	<ul style="list-style-type: none"> - Controla o seu corpo en movemento, progresando no coñecemento dél e axustando accións e reaccións. - Ten boa coordinación de movementos. - Mantén o equilibrio estático: nas puntas, un pé, etc. 	
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	<ul style="list-style-type: none"> - Sinala e nomea correctamente as partes e detalles do seu corpo. - Fai a representación completa do esquema corporal. 	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	<ul style="list-style-type: none"> - Asocia número-cantidade. - Escribe as grafías dos números do 1 ao 8. - Realiza agrupación de obxectos atendendo a unha cantidade. - Realiza estimacións e cálculos sinxelos. 	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica os sentidos . - Verbaliza as suas sensacións que lle producen as percepcións a través dos sentidos. 	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñece na súa contorna algunhas figuras xeométricas: esfera e óvalo. 	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñece e acepta as súas características persoais. - Confía nas súas posibilidades de acción e movemento. 	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	<ul style="list-style-type: none"> - Coloca os obxectos e localizaos, tendo como referente o seu corpo, nas diferentes posicións: diante-atrás, dentro-fóra, dereita -esquerda, etc.... 	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	- Ten control do seu corpo en movemento, adaptando a resposta matriz aos obxectos e accións na vida cotiá.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	- Gústalle participar en xogos libres e dirixidos. - Respecta as normas do xogo.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	- Identifica características semellantes e diferentes nun compañeiro/a, respectando a diversidade.	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	- Identifica en situacións cotiás nas que se fai necesario medir. - Mide empregando o corpo: as mans e os pés.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	- Presenta unha boa motricidade fina manexando obxectos e ferramentas nos xogos e nas tarefas cotiás.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	- Participa nos xogos dirixidos e espontáneos. - E quen de axustar as súas posibilidades nun xogo libre ou dirixido.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	- E quen de solicitar axuda cando a precisa. - Valora e agradece as situacións de cooperación e axuda entre iguais.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	- Identificar e discriminar diferentes sons. - Incorporar o seu vocabulario palabras novas relacionadas co corpo. - E preciso nas súas explicacións.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	- Comprende as explicacións dos demais.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	-Identifica as necesidades dos hábitos de hixiene diario. - Recoñece o que é unha alimentación saudable. -Utiliza adecuadamente os espazos e materiais (colocar no seu sitio, limpar, recoller, barrer, etc....).	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	- Fai uso da escritura para transmitir información. - Mostra interese para comunicarse a través de códigos escritos.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	- Escoita con atención e goza da lectura de diferentes textos literarios. - Memoriza e recita textos literarios : adiviñas, poesías, cancións, etc.....relacionados co corpo. i	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	- Participa nas actividades gramáticas e musicáis. - Escoita e reproduce cancións, ritmos, bailes, etc. - Explara diferentes instrumentos, recursos e técnicas dramáticas e musicais.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- Expresa gustos, preferencias e opinións explicando diferentes emocións.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	- Elabora e participa en creacións plásticas creativas utilizando diferentes técnicas e materiais. - Participa nos traballos en grupo.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	- Participa con interese en actividades expresivas corporais- - Participa nas representacións e no xogo dramático. - Participa en danzas adecuadas a súa idade.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	- Axusta na expresión corporal os seus movementos ao dos demais e ao espazo. - Mostra interese nas actividades de expresión corporal.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	- Valora e respecta as producións corporais dos compañeiros/as.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	- Emprega as posibilidades expresivas corporais para expresar outras linguaxes (musical, oral, etc.).	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	- Fai uso das ferramentas dixitais.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	-Fai un uso axeitado das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano.

Contidos

- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
5	A vida na contorna	93

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	- Utiliza os cuantificadores básicos no xogo.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	- Asocia os números coas cantidades representadas. - Escribe as grafías dos números do 1 ao 8. - realiza estimacións e cálculos sinxelos.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	- Asocia as figuras xeométricas conforme as presentes no seu contorno.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	- Representa graficamente nocións espaciais gráficas.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	- Utiliza e respecta diferentes linguas.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	- Utiliza as dúas linguas cooficiais de Galicia en conversacións, xogos de interacción social .	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	- Ten capacidade para chegar a acordos cos seus compañeiros/as. - Mostrase conciliador na súas relacións.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	- Gústalle participar en xogos libres e dirixidos. - Respecta as normas dos xogos.	TI
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	- Fai uso das estratexias emocionais ante frustracións e dificultades.	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	- Participa en diferentes experimentos.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	- E capaz de adaptar o seu corportamento a diferentes situacións.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	-Ten autonomía nas súas accións. - Actúa con decisións na realización de actividades.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	-Iníciase nas habilidades do pensamento computacional. -Programa secuencias plantexadas anteriormente no escornabot.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	- Comunícase a través da expresión oral falando as linguas oficiais da súa contorna. - Mostra interese por outras linguas e culturas.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	-Participa en dinámicas cooperativas .	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	- Utiliza el bee bot e escornabot , programando a secuencia de recorrido ata a solución con plantillas relacionadas co entroido.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	- Participa nas festas populares que se celebran na escola.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	- Escoita con atención e goce da lectura de diferentes textos literarios de tradición oral relacionados co Entroido.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	- Participa en actividades dramáticas e musicais da cultura galega. - Escoita e reproduce cancións, ritmos, baile, etc. relacionados co Entroido.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- Expresa gustos nas manifestacións artísticas, explicando algunhas emocións.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	- Participa nos traballos grupais nas diferentes creacións plásticas.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	- Fai uso das ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Habilidades do pensamento computacional. - Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Memorización e recitado de textos literarios. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
6	Vida saudable e deporte.	93

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. - Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
3	As luces do Nadal.	93

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	- Fai uso dos diferentes recursos plásticos, como medio de expresión e comunicación de emocións, ideas e pensamentos.	TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	-Asocia número- cantidade. - Escribe as grafías do 1 ao 7. - Realiza calculos e estimacións sinxelas .	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	- Emprega expresións convencionais en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa e quendas de diálogo.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	-Recoñece na súa contorna algunhas figuras xeométricas: esfera	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	-Participa nos xogos libres ou dirixidos .	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	-Expresase con espontaneidade e coherencia as súas inquiredanzas, gustos e preferencias.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	- Coñece diferentes oficios e recoñece o seu valor na sociedade. -Valora os diferentes servizos da contorna (mercado, atención sanitaria, bombeiros, etc...).	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	- Participa e goza das festas, costumes e tradicións do Nadal.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	- Escoita con atención e goza na lectura de textos literarios relacionados co Nadal.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	-Participa nas actividades dramáticas e musicais nestas datas de Nadal (Festival de Nadal). -Escoita e reproduce cancións e bailes relacionados co Nadal.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	-Ten intención expresiva nas diferentes manifestacións artísticas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	-Representa as mensaxes recibidas en diferentes manifestacións artísticas. -Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	-Realiza creacións plásticas e creativas con distintos materiais. - Participa nas propostas de actividades plásticas grupais.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	- Expresa emocións, ideas e pensamentos a través das producións plásticas, artísticas e culturais.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- Expresa gustos, preferencias e opinións sobre diferentes producións artísticas.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	- Valora e respecta as producións artísticas dos demais.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Elabora creacións plásticas a partir das linguaxes musicais, orais, escrito e corporal.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	-Fai uso das ferramentas dixitais.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	-Expresase de maneira creativa utilizando diversas ferramentas (aplicacións dixitais, visuais,etc...).	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Memorización e recitado de textos literarios. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos. - Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas. - Respecto cara ás producións alleas. - Planificación da acción en producións plásticas. - Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. - Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

UD	Título da UD	Duración
4	O noso corpo	93

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	<ul style="list-style-type: none"> - Clasifica os obxecto atendendo á posesión dalgún atributo. - Agrupa obxectos por semejanza. 	TI
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	<ul style="list-style-type: none"> - Controla o seu corpo en movemento, progresando no coñecemento dél e axustando accións e reaccións. - Ten boa coordinación de movementos. - Mantén o equilibrio estático: nas puntas, un pé, etc. 	
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	<ul style="list-style-type: none"> - Sinala e nomea correctamente as partes e detalles do seu corpo. - Fai a representación completa do esquema corporal. 	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	<ul style="list-style-type: none"> - Asocia número-cantidade. - Escribe as grafías dos números do 1 ao 8. - Realiza agrupación de obxectos atendendo a unha cantidade. - Realiza estimacións e cálculos sinxelos. 	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica os sentidos . - Verbaliza as suas sensacións que lle producen as percepcións a través dos sentidos. 	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñece na súa contorna algunhas figuras xeométricas: esfera e óvalo. 	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñece e acepta as súas características persoais. - Confía nas súas posibilidades de acción e movemento. 	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	-Coloca os obxectos e localizaos, tendo como referente o seu corpo, nas diferentes posicións: diante-atrás, dentro-fóra, dereita -esquerda,etc....	
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	- Ten control do seu corpo en movemento, adaptando a resposta matriz aos obxectos e accións na vida cotiá.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	<ul style="list-style-type: none"> - Gústalle participar en xogos libres e dirixidos. - Respecta as normas do xogo. 	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	- Identifica características semellantes e diferentes nun compañeiro/a, respectando a diversidade.	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica en situacións cotiás nas que se fai necesario medir. - Mide empregando o corpo: as mans e os pés. 	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	- Presenta unha boa motricidade fina manexando obxectos e ferramentas nos xogos e nas tarefas cotiás.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	<ul style="list-style-type: none"> - Participa nos xogos dirixidos e espontáneos. - E quen de axustar as súas posibilidades nun xogo libre ou dirixido. 	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	<ul style="list-style-type: none"> - E quen de solicitar axuda cando a precisa. - Valora e agradece as situacións de cooperación e axuda entre iguais. 	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar e discriminar diferentes sons. - Incorporar o seu vocabulario palabras novas relacionadas co corpo. - E preciso nas súas explicacións. 	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	- Comprende as explicacións dos demais.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	<ul style="list-style-type: none"> -Identifica as necesidades dos hábitos de hixiene diario. - Recoñece o que é unha alimentación saudable. -Utiliza adecuadamente os espazos e materiais (colocar no seu sitio, limpar, recoller, barrer, etc....). 	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	<ul style="list-style-type: none"> - Fai uso da escritura para transmitir información. - Mostra interese para comunicarse a través de códigos escritos. 	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	- Escoita con atención e goza da lectura de diferentes textos literarios. - Memoriza e recita textos literarios : adiviñas, poesías, cancións, etc.....relacionados co corpo.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	- Participa nas actividades gramáticas e musicáis. - Escoita e reproduce cancións, ritmos, bailes, etc. - Explara diferentes instrumentos, recursos e técnicas dramáticas e musicais.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- Expresa gustos, preferencias e opinións explicando diferentes emocións.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	- Elabora e participa en creacións plásticas creativas utilizando diferentes técnicas e materiais. - Participa nos traballos en grupo.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	- Participa con interese en actividades expresivas corporais- - Participa nas representacións e no xogo dramático. - Participa en danzas adecuadas a súa idade.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	- Axusta na expresión corporal os seus movementos ao dos demais e ao espazo. - Mostra interese nas actividades de expresión corporal.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	- Valora e respecta as producións corporais dos compañeiros/as.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	- Emprega as posibilidades expresivas corporais para expresar outras linguaxes (musical, oral, etc.).	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	- Fai uso das ferramentas dixitais.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	-Fai un uso axeitado das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.

Contidos

- Descubrimiento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.
- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos¿) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
5	A vida na contorna	93

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	- Utiliza os cuantificadores básicos no xogo.	TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	- Asocia os números coas cantidades representadas. - Escribe as grafías dos números do 1 ao 8. - realiza estimacións e cálculos sinxelos.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	- Asocia as figuras xeométricas conforme as presentes no seu contorno.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	- Representa graficamente nocións espaciais gráficas.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	- Utiliza e respecta diferentes linguas.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	- Utiliza as dúas linguas cooficiais de Galicia en conversacións, xogos de interacción social .	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	- Ten capacidade para chegar a acordos cos seus compañeiros/as. - Mostrase conciliador na súas relacións.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	- Gústalle participar en xogos libres e dirixidos. - Respecta as normas dos xogos.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	- Fai uso das estratexias emocionais ante frustracións e dificultades.	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	- Participa en diferentes experimentos.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	- E capaz de adaptar o seu corportamento a diferentes situacións.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	-Ten autonomía nas súas accións. - Actúa con decisións na realización de actividades.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	-Iníciase nas habilidades do pensamento computacional. -Programa secuencias plantexadas anteriormente no escornabot.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	- Comunicase a través da expresión oral falando as linguas oficiais da súa contorna. - Mostra interese por outras linguas e culturas.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	-Participa en dinámicas cooperativas .	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	- Utiliza el bee bot e escornabot , programando a secuencia de percorrido ata a solución con plantillas relacionadas co entroido.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	- Participa nas festas populares que se celebran na escola.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	- Escoita con atención e goce da lectura de diferentes textos literarios de tradición oral relacionados co Entroido.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	- Participa en actividades dramáticas e musicais da cultura galega. - Escoita e reproduce cancións, ritmos, baile, etc. relacionados co Entroido.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- Expresa gustos nas manifestacións artísticas, explicando algunhas emocións.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	- Participa nos traballos grupais nas diferentes creacións plásticas.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	- Fai uso das ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou

Contidos

- consensos na toma de decisións.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
6	Vida saudable e deporte.	93

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	-Asocia os números do 1 a0 9 coas cantidades representadas. -Realiza cálculos sinxelos.	TI
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	-Recoñece elementos xeométricos: cubo, esfera e cono.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	- Participa en xogos libres e dirixidos . -Acepta as normas dos xogos.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	-Controla as súas emocións e impulsos negativos .	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	-Presenta unha boa motricidade fina. - Manexa as tesoifras adecuadamente.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	-Diferencia as necesidades de hábitos de hixiene diarios. - Recoñece unha alimentación saudable nos deportistas . - Recolle e ordea oa espazos e materiais ao rematar unha actividade.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	- Desprazase de forma autónoma, advertindo os perigos e amusando actitudes prudentes. -Acepta as normas .	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	- É autónomo no coidado de si mesmo. - Ten iniciativa en recoller e manter os espazos limpos.	
CA3.5 - Respectar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	- Coñece e respecta as rutina diarias. -Respecta aos seus compañeiros. -Ordea unha secuencia temporal con tres viñetas.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	-É autónomo nas súas actividades cotiás. - Axuda nas tarefas de limpar, recoller, ordear, etc...	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	-Goza coa lectura de textos literarios relacionados coa alimentación e o deporte . - Presta atención na lectura de contos.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	-Participa nas actividades dramáticas e musicais relacionadas con deportes e alimentación. - Escoita e reproduce cancións , ritmos, bailes, etc...	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- E capaz de epresar gustos sobre diferentes manifestacións artísticas. -Expresan as súas emocións.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	-Participa en elaboracións plásticas grupais relacionadas co deporte e vida saudable.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	-Fai uso das ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade. - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. - Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Memorización e recitado de textos literarios. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
7	A primavera e os seus bechiños.	93

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	-Asocia os números traballados coas cantidades representadas. - Escribe a recta numérica do 1 ao 10. -Realiza cálculos sinxelos.	TI
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	- Recoñece elementos xeométricas na súa contorna e os clasifica atendendo a súa forma.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	-Participa tanto en xogos libres coma dirixidos. - Respecta as regras dos xogos.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	- Mostra curiosidade polo medio natural. - Recoñece a influencia das persoas no medio natural.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	--Recoñece e respecta o medio natural da súa contorna.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	-Expresa con espontaneidade ideas a través da expresión oral.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	- Valora o coidado e respecta os seres vivos (animais e plantas).	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	-Se expresa con facilidade, utilizando diferentes linguaxes.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	- Fai uso da escritura para transmitir información	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	-Elabora textos tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	-Recoñece algunhas características dos textos (Planteamiento-nudo e desenlace).	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	- Respecta as normas de uso da biblioteca. -Valora a biblioteca como fonte de recursos .	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	- Goza coa lectura de textos literarios.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	-Participa en conversacións e diálogos sobre os textos infantís leídos.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	-Progresa na expresión oral dos seus sentimentos e emocións. -Expresa gustos , preferencias e opinións.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	-Participa nas actividades dramáticas e musicais relacionadas coa primavera. -Escoita e reproduce cancións, ritmos, bailes,etc..	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	-Expresa gustos e opinións en diferentes manifestacións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	- Participa e colabora no traballo en grupo. -Explora diferentes materiais e técnicas plásticas.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	-Fai uso das ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.

Contidos

- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Os seres vivos e as súas características.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuizos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuizos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
8	A nosa cultura.	94

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	--Asocia número-cantidade. -Realiza as grafías dos números. -Realiza cálculos sinxelos.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	-Actúa con iniciativa propia. -Confía e ten seguridade en si mesmo.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	- Amplia e utiliza vocabulario das linguas cooficiais de Galicia.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	- Gústalle participar en xogos libres e dirixidos , axustando as súas posibilidades persoais.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	-Valora a lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	-Relacionase ben coas demais personas.	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	-Mostra respecto polos diferentes modelos familiares.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	-Valora as diferentes profesións relacionadas con traballos artesanais galegos: cesteiros, ferreiros, telleiros, redeiras,etc...	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	- Identifica algunhas festas, costumes e tradicións propias e alleas. -Participa e coñece e valora a festividade das Letras Galegas.	TI
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	- -Sabe o nome e algunhas características da vida da vautora homenaxeada este ano 2024 no Día Das Letras Galegas (Luísa Villalta). Recoñece a figura de Rosalía de Castro.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	- Escoita con atención e goce a lectura de diferentes textos literarios de tradición oral , relacionados coa persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas (Luísa Villalta) e outros de tradición cultural galega.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	-Participa nas actividades dramáticas e musicais da cultura galega.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- Expresa gustos, preferencias e opinións explicando as súas emocións.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	- Participa no grupo nos traballos plásticos utilizando diferentes técnicas e materiais.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	-Fai uso das ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Relacións de parentesco. - A escola. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega. - Memorización e recitado de textos literarios. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
9	Cando o mar peta na porta,	95

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	<ul style="list-style-type: none"> - Escribe a serie numérica do 1 ao 10 en adiante (ata onde poida) . - Utiliza a numeración en actividades cotiás (calendarios mensuais, número de teléfono, números de matrícula, etc...). 	TI
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	-Identifica formas xeométricas tridimensionais (espera, cubo, con o, pirámide, etc....).	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	-Verbaliza sentimentos , emocións e vivencias propias. -Comprende as manifestacións expresivas dos demais.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	-Participa nos xogos respectando as regras .	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	-Identifica algunha característica nos textos (poemas, informativos, narrativos,etc...).	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	- Escoita con atención e goce a lectutra de textos nas lecturas compartidas con compañeiros/as de primaria.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	-Discrimina diferentes sons relacionados co mar (ondas da praia, son dun barco, buxaina do mar, nenos xogando na praia, sons de gaivotas, etc...)	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	- Participa e interpreta actividades dramáticas e musicais relacionadas co mar. -Escoita e reproduce cancións, ritmos e bailes.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	-Respecta as producións alleas.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	-Expresa emocións e ideas nas diferentes manifestacións artísticas e culturais.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	-Expresa con espontaneidade e coherencia gustos e opinións a través das distintas manifestacións artísticas.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	-Interpreta musicalmente outras linguaxes.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	-Participa no grupo elaborando creacións plásticas e creativas utilizando distintas técnicas e recursos.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	-Fai uso das diferentes ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.

Contidos

- Memorización e recitado de textos literarios.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A incorporación das competencias clave da E.I fixo imprescindible comezar a empregar modelos que permitan a adquisición de destrezas que contribúan a aprender a ser e a aprender a facer para avanzar no desenvolvemento íntegro e armónico.

Todo proceso de aprendizaxe estará marcado pola observación, a experimentación, manipulación e xogo sempre dende unha perspectiva globalizadora e partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado e dos seus coñecementos previos e na procura de aprendizaxes significativas e emocionalmente positivas.

Teranse en conta as necesidades e as oportunidades individuais do alumnado, así como as do seu contexto familiar e estableceranse as medidas ordinarias e extraordinarias que garantan a súa inclusión educativa, fomentando a inclusión social do alumnado con discapacidade. Será esencial favorecer, tamén, os principios de socialización, aprendizaxe cooperativo, inclusión e a relación cos iguais, mediante a competencia emocional, nun clima de seguridade e confianza.

No que respecta a relación coas familias, existen numerosas vías de comunicación e colaboración coas mesmas. De xeito indirecto, temos os contactos informais diarios, as reunións trimestrais, a entrevista inicial, o cuestionario e ABALAR. Por outro lado, de forma directa, contamos coa participación das familias, de maneira institucionalizada (ANPA e Consello Escolar), esporádica (festivais do curso) e sistemática (a través de talleres que se realizarán na aula, como contacontos).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
RECURSOS ESPACIAIS
RECURSOS PERSONAIS

RECURSOS MATERIAIS

Recursos espaciais: son os mencionados anteriormente na introducción. Ademais, podemos facer referencia a organización do espazo nas aulas o cal responde a varios principios: a necesidade de crear un ambiente achegado a vida do alumnado e aproveitar e rentabilizar os recursos existentes.

Recursos persoais: nomeados tamén da introducción.

Recursos materiais: na aula principal os materiais e os xogos están separados nos diferentes recantos dependendo da súa finalidade:

- Lecto-escritura: contamos con letras inmantadas, tarxetas do su nome, vocabulario da época do ano, imaxes con palabras variadas, xogos manipulativos de lecto-escritura realizados por a titora, etc.

- Lóxico-matemática: regletas, tangram, series numéricas, figuras xeométricas, en definitiva, material manipulativo para facer seriacións, clasificacións e agrupamentos.

-Plástico-artístico: témperas, pinceis, lápices, esponxas, ceras, papeis de diferentes texturas, tesoiras, etc.

-Xogo simbólico: animais, coches, cociña, plancha, "casiña", etc.

- Sensorial: area, bolas de hidroxel, materiais do entorno natural, telas e a mesa de luz, entre outros.

Non podemos deixar de lado os recursos TIC, entre os que podemos destacar panel dixital, o ordenador ou escornabots. Ademais o noso centro está admitido nos Polos Creativos, os que nos proporcionan diversos materiais como radio, croma ou televisión. Así como unha estación meteorolóxica, tanto dixital como analóxica.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ó longo do curso avaliamos o noso alumnado en 4 sesións. No que respecta a inicial tivemos en conta a observación directa e sistemática e as entrevistas realizadas as familias.

Con respecto a mesma, será global, contínua e formativa.

1. Cando o alumnado se incorpore ao segundo ciclo de educación infantil, as persoas titoras dos grupos realizarán unha avaliación inicial de cada un. Así mesmo, esta avaliación realizarase cando unha alumna ou un alumno se traslade dun centro a outro. A avaliación recollerá os datos máis destacados do seu proceso de desenvolvemento, terá en conta os datos relevantes achegados pola información das familias na entrevista inicial e, se é o caso, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan interese para a vida escolar. E, de ser o caso, os informes de escolarización anteriores.

2. A avaliación inicial completárase coa información obtida na observación directa por parte dos profesionais que atenden as nenas e nenos sobre o grao de desenvolvemento das capacidades básicas correspondentes á súa etapa evolutiva durante o período de adaptación ao centro escolar.

3. O equipo educativo adoptará as decisións relativas ao tipo de información que se precisa neste momento inicial da avaliación, así como ás técnicas ou instrumentos que se van empregar para recoller e consignar a dita información. Estas decisións quedarán reflectidas no proxecto educativo.

A avaliación inicial para este curso 2023/24 no ciclo de E.I, está programada para o martes 3 de outubro, no que participarán, tanto as persoas titoras, mestra de apoio, especialistas que imparten materia nos grupos , AL, PT e orientadora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación para o segundo ciclo de Educación Infantil, de maneira resumida, serán os seguintes:

1-Área de Comunicación e Representación da Realidade:

Bloque 1

Intención e interacción comunicativa:

-Participar de maneira activa nos diversos tipos de situacións comunicativas. Interpretar as mensaxes mediante as diferentes formas de representación. Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas.

Bloque 2

As linguas e os seus falantes:

-Buscaremos participar en diferentes situación facendo uso das linguas cooficiais así como da lingua estranxeira.

Bloque 3

Comunicación verbal oral. Comprensión-expresión-diálogo:

-Trataremos que o alumnado faga uso da linguaxe oral nas interrelacións cos demais adquirindo unha maior eficacia comunicativa.

Bloque 4

Aproximación a linguaxe escrita:

-Producir diferentes textos con escritura convencional ou non, desenvolvendo habilidades grafomotrices.

Bloque 5

Aproximación á educación literaria:

-Fomentaremos o uso da biblioteca participando en actividades de aproximación a literatura infantil establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.

Bloque 6

Linguaxe e expresión musical:

- Buscaremos que o alumnado identifique e discrimine sons e silencios e tamén acherse a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocarexplorando diferentes instrumentos.

Bloque 7

Linguaxe e expresión plástica e visual

-Elaborar creacións plásticas utilizando diferentes materiais e técnicas expresando emocións e valorando as producións dos demais.

Bloque 8

Linguaxe e expresión corporal

-Fomentar a exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo a través da dramatización respetando as producións dos demais.

Bloque 9

Alfabetización dixital

-Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais fomentando un uso saudable e responsable.

2-Área de Crecemento e Harmonía:

Bloque 1

O corpo e o control progresivo

-Neste bloque valoraremos aspectos relacionados coa psicomotricidade fina e grosa así como xogos grupais e individuais e as semellanzas e diferenzas entre as persoas.

Bloque 2

Equilibrio emocional e desenvolvemento da afectividade

-Avaliaremos a tolerancia a frustración e a capacidade de identificar e expresar os seus sentimentos e as súas emocións.

Bloque3

Hábitos de vida saudable para o autocoidado e o coidado da contorna.

-Avaliaremos o desenvolvemento dos nenos e nenas en actividades da vida cotiá e na aceptación de normas.

Bloque 4

Interacción socioemocional na contorna. A vida coas demais persoas.

-Avaliaremos as actitudes de afecto e empatía cos compañeiros e compañeiras, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.

3-Área de Descubrimiento e Exploración da Contorna

Bloque 1

Diálogo corporal coa contorna. Exploración creativa de obxectos, materiais e espazos.

-Aquí valoraremos a competencia matemática do alumnado: clasificar, medir, seriar, cantidades cos seus números, graffías, cálculo, nocións espaciais e temporais... en definitiva, establecer distintas relación entre os obxectos.

Bloque 2

Experimentación na contorna. Curiosidade, pensamento científico e creatividade.

-Valoraremos que o alumnado empregue diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía. Así como, iniciarse en metodoloxías activas, como a STEM.

Bloque 3

Indagación no medio físico e natural. Coidado, valoración e respecto.

-Mostrar unha actitude de respecto e coidado cara o medio natural identificando os seres vivos e inertes e as súas características..

Bloque 4

Descubrimiento e participación na contorna social. Relacións, servizos e actividades culturais.

-Identificarán os elementos propios de Galicia: as festas, costumes e tradicións, valorando as relacións sociais, coñecendo e participando en festas, costumes e tradicións da cultura.

-Descubrir as diferentes profesións e servizos da contorna.

Criterios de recuperación:

Non se aplia

6. Medidas de atención á diversidade

De conformidade co Decreto 229/2011, do 7 de decembro e a Orde de 8 de setembro de 2021 enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Con respecto a nosa aula, levaremos a cabo as seguintes medidas de atención a diversidade:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.

- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Mencionar o apoio da AL a cal traballa unha hora semanal na miña aula co programa de estimulación ao linguaxe oral. Como titora estarei en contacto permanente coa orientadora do centro, por se xorde algún caso potencialmente valorable.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a paz.	X				X			
ET.2 - Educación ambiental		X					X	
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a saúde				X		X		
ET.5 - Educación para o consumo			X			X		
ET.6 - Educación viaria.					X			

	UD 9
ET.1 - Educación para a paz.	
ET.2 - Educación ambiental	X
ET.3 - Educación para a igualdade	X
ET.4 - Educación para a saúde	
ET.5 - Educación para o consumo	
ET.6 - Educación viaria.	

Observacións:

A través da educación exercitamos estes valores democráticos que fan posible a vida en sociedade e a adquisición de convivencia democrática e de respecto a través do desenvolvemento de actitudes de compañerismo, de axuda ós demais, de orde e limpeza, de uso do diálogo, de rexeito a violencia e á agresividade, de coidado dos bens naturais, fomentando un estilo de vida e comportamento cotiá baseado nos valores que a sociedade precisa para o seu bo funcionamento.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Parque Comarcal de bombeiros do Salnés	Debido ao interese que mostran os nenos/as nestas idades de E.I, a través desta saída tratamos de concienciar ao noso alumnado do valor que teñen na sociedade, valorando o servizo social e comunitario dos bombeiros.	X		
Visita á Aldea dos Grobit na illa da Toxa	Neste segundo trimestre coincidindo coa chegada da primavera realizaremos esta saída nun medio natural privilexiado, aproveitando a observación de animais e plantas. Así realizaremos unha actividade guiada na aldea dos Grobit, onde lles contarán historias fantásticas ao redor dos seres máxicos que viven na aldea.		X	
Teatro Abanca Pontevedra. Obra " Pingúíns".	Asistiremos como público a obra de teatro "Pingúíns".A obra contempla a importancia da familia como grupo social de pertenza. Fomentando valores de igualdade e convivencia igualitaria entre as persoas			X
Parque Arqueolóxico de Campolameiro.	Como saída de fin de curso realizaremos a visita ao centro de arte rupestre de Campolameiro. onde o alumnado aprenderá a forma de vida dos nosos antepasados, visitaremos os petroglifos e realizarán dous obradoiros , un de pintura rupestre e outro de a invención do lume.			X

Observacións:

Entendemos por actividades complementarias, aquelas que se realizan no horario lectivo, aínda que se poden prolongar máis alá do horario na xornada escolar e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazos e recursos que se utilizan. Figuran na PXA, despois de ser aprobadas polo Consello Escolar e a participación nelas é voluntaria e require autorización previa por escrito dos titores legais.

As posibles saídas que faremos este curso co alumnado de E.I, son as seguintes:

-Parque Comarcal de bombeiros do Salnés (Ribadumia).

-Visita ao Parque Grobit na Illa da Toxa (O Grove)..

- Teatro Abanca (Pontevedra).

- Parque Arqueolóxico de Campolameiro (Pontevedra).

Sempre estaremos abertos a outras posibles excursións se xurdan ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Indicadores de preparación.
Metodoloxía empregada
Indicadores de realización

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Indicadores de avaliación.

Descrición:

Indicadores de preparación:

Realizamos a programación da nosa actividade educativa tomando como referencia a concreción curricular. Formulamos os obxectivos didácticos de forma que expresen con claridade as habilidades que o noso alumnado debe acadar mediante a intervención educativa. Seleccionamos e secuenciamos contidos da miña programación de aula cunha distribución e progresión axeitada ás características do alumnado. Planificamos as clases de forma flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, temporais, espazos, agrupamentos...) axustados ás necesidades do alumnado...

Indicadores de rendemento:

Propoñemos situacións introdutorias previas ao tema a traballar (contos, montaxes...) Mantemos o interese do alumnado en función das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada. Relacionamos os contidos e as actividades cos intereses e coñecementos previos dos nosos alumnos. Nas actividades que propoñemos hai un equilibrio entre as actividades individuais e o traballo en grupo. Utilizamos recursos didácticos variados (audiovisuais, TIC, plásticos...), tanto para a exposición dos contidos como para a práctica do alumnado, favorecendo o seu uso autónomo...

Indicadores de avaliación:

Temos en conta o procedemento xeral, que especificamos na programación, para a avaliación das aprendizaxes. Aplicamos criterios de avaliación en cada unha das unidades de acordo co acordo curricular. Utilizamos sistematicamente diversos procedementos e instrumentos para recoller información (registro anecdótico, lista de verificación...). Utilizamos estratexias e procedementos de autoavaliación e coavaliación grupal que fomenten a participación do alumnado na avaliación. Utilizamos diferentes medios para informar a pais, profesores e alumnos (sesións de avaliación, informes trimestrais, reunións...) dos resultados da avaliación...

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

- As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación, modificacións e propostas de mellora.
- Con respecto o proceso de seguimento realizaremos unha autoevaluación inicial, partindo das propostas de mellora concretadas na autoavaliación final do curso anterior e recollidas na memoria final de ciclo.
- Continuaremos cunha autoevaluación procesual do proceso ensino-aprendizaxe tomando as posibles medidas durante o curso escolar, rectificando aspectos que non funcionan para poñer os medios necesarios e actuar. Esta avaliación permítenos garantir que o proceso ensino-aprendizaxe poida aser rectificado no seu desenvolvemento. Finalizaremos cunha autoavaliación final cando remate o curso na que as conclusións sobre propostas de mellora extraeranse da nosa propia autoavaliación, así como a feita polo alumnado e a través de cuestionarios enviados as familias e dos intercambios orais ou das aportacións feitas por observadores externos como poden ser outros mestres do ciclo de educación infantil.
- Aspectos susceptibles de analizar como parta da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:
- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación responden á secuenciación e temporalización.
- A metodoloxía didáctica foi axeitada.
- A organización da aula e o ambiente entre o alumnado, así como a relación entre profesorado, alumnado e familias foi óptima.
- A coordinación entre os mestres de ciclo e a coherencia entre ciclos foi positiva.
- Os materiais didácticos foron suficientes e adecuados, aproveitando os recursos da contorna.

- A adecuación á atención a diversidade foi a correcta.
- A adecuación das pautas de avaliación no proceso ensinanza-aprendizaxe foron axeitadas.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015846	CEIP de Noalla-Telleiro	Sanxenxo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna	5º Inf.	8 / 8 / 8	280 / 280 / 280

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	75
4.2. Materiais e recursos didácticos	75
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	76
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	76
6. Medidas de atención á diversidade	78
7.1. Concreción dos elementos transversais	79
7.2. Actividades complementarias	80
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	80
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	81
9. Outros apartados	82

Borrador

1. Introducción

A presente Programación Didáctica, que se leva a cabo 5º de E.I para o curso 2023-2024, está enmarcada no Decreto 150/2022 do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. O seu obxectivo é desenvolver e adaptar a realidade de este centro os preceptos recollidos en dito decreto.

Esta PD remite ó artigo 14.1 e 14.2 e está estruturada en Unidades Didáctica e proxectos de traballo por trimestres traballando as tres áreas de xeito globalizado.

Os sectores que conforman o Consello Escolar: a ANPA e o Concello contribúen a formar parte de actividades deportivas, culturais e pedagóxicas do noso centro, para que as nenas e os nenos poidan realizar actividades extraescolares.

O noso centro está situado nun contexto rural, preto da Praia de A Lanzada, no concello de Sanxenxo, polo que contamos con recursos socioculturais ó noso alcance. En canto ó nivel socioeconómico das familias pódese dicir que é medio e a meirande parte deles adícanse ó turismo e a maioría do alumnado procede de zonas rurais e acode ó centro en transporte escolar.

O centro cumpre coas esixencias do RD 132/2010, do 12 de febreiro, e as condicións axeitadas de funcionalidade, habilidade, versatilidade e seguridade.

O centro conta con tres aulas de E.I, unha por cada nivel (4º, 5º e 6º de E.I). Contamos con patio cuberto e parque nun entorno natural, aseos para o alumnado e o persoal docente, despacho de dirección, secretaría, sala de mestres, biblioteca, laboratorio, aula de psicomotricidade, diferentes departamentos (AL,, relixión, música, inglés e orientación). En canto a este, é compartido con outro centro. Tamén ofrece servizos de transporte escolar e comedor, o cal está xestionado pola ANPA.

A xornada é contínua e o horario é de 9 a 14h. Ademais, os titores permanecemos no centro os martes pola tarde para atender a familias (16.15-19:15) e ás reunións dos equipos que compoñen o centro.

En concreto, en Educación infantil contamos co seguinte alumnado: en 4º son 12, en 5º, 115 e en 6º, 12. A lingua vehicular será a lingua materna maioritaria do alumnado, sendo esta o galego, e potenciaremos tamén as demais linguas da contorna así como a lingua inglesa a través do Proxecto de Anticipación a Lingua Inglesa.

Para concluir, na práctica educativa traballamos en todo momento cun currículo aberto e flexible que permitirá engadir, modificar ou quitar o que se estime convinte para adaptalo a realidade concreta e responder a diversidade do grupo. A continuación presentaremos o resto de elementos desta programación didáctica.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1							
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1							

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.		1						
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1							
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.								1
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.					1			
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva					1			
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable						1		
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos						1		
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.			1					
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.			1					

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.					1			
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.					1			

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Benvidos á escola	Esta Unidade Didáctica fai referencia ó gusto pola escola que debemos fomentar no noso alumnado, contextualizando o espazo de aprendizaxe a vez que se traballan normas básicas de convivencia, compartir, amizade... Lévese a cabo no mes de setembro e na primeira quincena do mes de outubro.	93	X		
2	O outono	Nesta Unidade traballaremos festas de tradición popular coma o Samaín e o Magosto, xunto coa estación do outono, dándolle a coñecer os nenos as súas características, tradicións e costumes. Lévese a cabo na segunda quincena do mes de outubro e na primeira de novembro.	93	X		
3	A casa vístese de Nadal	Nesta Unidade traballaremos a estación do inverno, xunto coa festa tradicional do Nadal para aproximarnos a nosa cultura, sen perder de vista o carácter festivo e lúdico que envolve a festa. Realízase na segunda quincena de novembro e a primeira de decembro.	93	X		
4	O corpo.	Esta UD fai referencia a algo tan significativo para o alumnado como é o coñecemento do seu propio corpo. O nacemento, as diferentes partes do corpo, órganos do corpo, identificación dos sentidos,... É un tema de especial importancia para o desenvolvemento da personalidade do alumnado pois para iso requirese o coñecemento e a aceptación da súa identidade. Esta UD levarase a cabo durante o mes de xaneiro e principios de febreiro.	93		X	
5	A vida na contorna	O feito de levar a cabo esta UD refírese a necesidade	93		X	

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A vida na contorna	de dar a coñecer ó noso alumnado as costumes e tradicións da sociedade na que está inmerso, sendo a festa do Entroido. Aquí faremos dende receitas típicas do mes de febreiro, pasando por pintacaras ata contos que nos mostren os pesonaxes típicos desta festa: os peliqueiros.	93		X	
6	A alimentación	Esta UD adquire una importancia salientable dende o punto de vista do fomento da alimentación saudable. Traballaremos no recoñecemento e clasificación de diferentes tipos de alimentos e a súa orixe así como diferentes xeitos de preparación. Os sentidos como medios para explorar alimentos e explorar sensacións. Desenvolverase durante o mes de marzo.	93		X	
7	A primavera	Co esta UD preténdese que o alumnado descubra e viva os cambios tan salientables que se producen na natureza durante esta época do ano. É o momento idóneo para investigar sobre os seres vivos tanto prantas como animais profundizando sobre as súas partes e o seu desenvolvemento na natureza. Levarémola a cabo no mes de abril.	93			X
8	A nosa cultura	Unidade especialmente importante e salientable na nosa Comunidade Autónoma xa que investigaremos sobre diferentes aspectos culturais e tradicionais de Galicia así como do contorno máis próximo a área de influencia do centro. De xeito especial adicarase unha parte importante da unidade ás Letras Galegas. Desenvolverémola durante o mes de maio.	94			X
9	O mar e o verán	Achegámonos ó remate do curso e aproveitando a contorna do centro próxima o mar traballaremos sobre todos aqueles aspectos relacionados co mesmo. Así como diferentes tipos de peixes, traballos realcionados co mar, deportes e o ocio e turismo na zona. Levaráse a cabo durante o mes de xuño ata remate de curso.	95			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Benvidos á escola	93

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	-Verbaliza e acepta diferenzas físicas entre as persoas. Non mostra actitudes discriminatorias ante as diferenzas individuais.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	-Asocia algúns números coas cantidades representadas. -Escribe as grafías dos números do 1 ao 3. -Fai agrupacións de obxectos atendendo a unha determinada cantidade.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	-Recoñece na súa contorna algunhas figuras xeométricas : circulo	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	-Ordea temporalmente feitos da súa propia vida e accións cotiás.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	- Participa nos xogos libres e dirixidos axustándose ás súas posibilidades persoais.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	-Emprega expresións convencionais de cortesia para saudar, despedirse, agradecer, solicitar axuda,etc...	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	-Ten un discurso coherente e sabe pedir as cousas. -Incorpora ao seu vocabulario palabras novas. -É preciso nas súas explicacións, expresándose con frases correctas e terminadas.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	-Manifesta interese por comunicarse con outras persoas. -É quen de manifestar verbalmente o seu agrado ou molestia nas interaccións cos demais.	TI
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	-Identifica as persoas do marco social da escola.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	-Mostra iniciativa nas propostas de aula -Ten confianza nas súas posibilidades nas tarefas habituais. -Actúa con decisión cando realiza unha actividade ou xogo.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	-Amosa unha actitude positiva ante as actividades propostas . -Séntese a gusto e está adaptado as rutinas da clase. -Segue a orde das rutinas correctamente. Respecta os compañeiros/as e persoas adultas.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	-Resolve conflitos e fomenta un clima agradable. -Relacionase cos demais compañeiros/as. -Participa nos xogos colectivos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	-Progresa no control e precisión do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	-Relacionase cos compañeiros/as na vida da aula. -Ten capacidade para xogar cos seus compañeiros/as chegando a acordos.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	-Participa no xogo simbólico reproducindo condutas, accións ou situacións, sen estereotipos.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	-Acepta e respecta as normas sociais de funcionamento nas aula. -Respecta aos compañeiros/as e persoas adultas. -Non mostra actitudes discriminatorias ante as diferenzas.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	-Resolve positivamente os conflitos cotiás. -Mostrase conciliador/ora nos conflitos que xorden no xogo. -Ten en conta o criterio dos demais para a resolución de conflitos.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	-Identifica e valora manifestacións culturais propias e doutras realidades.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	-Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, poesías , rimas, adiviñas. etc...	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	-Escoita e reproduce cancións . ritmos, bailes, etc...	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	-Expresa gustos e opinións nas diferentes manifestacións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	-Participa e elabora creacións plásticas e creativas utilizando distyintas técnicas e materiais. -Participa activamente nas actividades plásticas grupais.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	-Entende o uso da PDI. -Utiliza, na medida das súas posibilidades, as ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.

Contidos

- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
2	O outono	93

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	-Representa as mensaxes recibidas en diferentes manifestacións artísticas. -Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	-Asocia algúns números coas cantidades representadas. -Escribe as grafías dos números do 1 ao 3. -Fai agrupacións de obxectos atendendo a unha determinada cantidade.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	-Recoñece na súa contorna algunhas figuras xeométricas : círculo, cadrado	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	-Participa en nos xogos libres e dirixidos axustándose ás súas posibilidades persoais.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	-Relacionase cos seus compañeiros/as a través da fala, -Emprega expresións convencionais de cortesia para saudar, despedirse, agradecer, escusarse, etc...	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	-Utiliza expresións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	-Participa nos xogos cunha actitude de empatía . -Acepta las diferenzas individuais dos seus compañeiros/iras.	TI
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	-É respectuoso/a co medio natural no que vive e aos animais que habitan nel. -Identifica o impacto causado polo ser humano no medio : incendios.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	-Identifica elementos naturais na estación do outono (auga, terra, aire.) -Describe as características dos elementos naturais na estación de outono.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	-Diferencia entre ser vivo e obxecto inerte. -Identifica algunhas características dos seres vivos (árbores e froitos do outono)	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	-Escoita con atención e goce a lectura de diferentes textos literarios. -Memoriza e recita textos literarios: adiviñas, contos cantados, poesías, etc...relacionados co outono.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	-Participa nas actividades dramáticas e musicais. -Escoita e reproduce cancións, ritmos, bailes, etc...	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	-Expresa gustos e opinións en diferentes manifestacións artísticas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	-Elabora e participa en creacións plásticas creativas utilizando distintas técnicas e materiais, -Participa nos traballos en grupo.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	-Entendese o uso da PDI. -Utiliza, na medida das súas posibilidades, as ferramentas dixitais.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	-Representa as mensaxes recibidas en diferentes manifestacións artísticas. -Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Memorización e recitado de textos literarios. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. - Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
3	A casa vístese de Nadal	93

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	-Fai uso dos diferentes recursos plásticos como medio de expresión e comunicación de emocións , ideas e pensamentos.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	-Asocia algúns números coas cantidades representadas. -Escribe as grafías dos números do 1 ao 5. -Fai agrupacións de obxectos atendendo a unha determinada cantidade.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	- Emprega expresións convencionais en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa e quendas de diálogo .	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	-Recoñece na súa contorna algunhas figuras xeométricas: circulo, cadrado e rectángulo.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	-Participa en nos xogos libres e dirixidos axustándose ás súas posibilidades persoais.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	- Expresase con espontaneidade, e coherencia as suas inquietudes, gustos e preferencias.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	-Coñece distintos oficios (fontaneiro, electricista, albanel,etc...) e recoñece o seu valor na sociedade. -Valora os diferentes servizos sociais e comunitarios do seu contorno (mercado, atención sanitaria, etc...).	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	- Participa e goza das festa , costumes e tradicións coma o nadal.	TI
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	-Memoriza e recita textos literarios: adiviñas, contos cantados, poesías,etc...relacionados co Nadal	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	-Participa nas actividades dramáticas e musicais. -Escoita e reproduce cancións, ritmos, bailes, etc relacionados co Nadal	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- Ten intención expresiva nas diferentes manifestacións artísticas.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	-Representa as mesaxes recibidas en diferentes manifestacións artísticas. -Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	-Realiza creacións plásticas e creativas con distintos materiais . - Participa nas propostas de actividades plásticas grupais.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	-Expresa emocións, ideas e pensamentos a través das producións plásticas, artísticas e culturais.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- Expresa gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	- Valora e respecta as producións dos demais compañeiros e compañeiras.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	-Elabora creacións plásticas a partir das linguaxes musicais, orais, escrito e corporal.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	- Fai uso das ferramentas dixitais.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	-Expresase de maneira creativa utilizando diversas ferramentas (aplicacións dixitais, visuais).	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Memorización e recitado de textos literarios. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos. - Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas. - Respecto cara ás producións alleas. - Planificación da acción en producións plásticas. - Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. - Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

UD	Título da UD	Duración
4	O corpo.	93

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	- Agrupa os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo. -Agrupa obxectos por semellanzas.	TI
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	- Controla o seu corpo en movemento, progresando no coñecemento del e axustando accións,e reaccións. - Ten boa coordinación de movementos. - Mantén o equilibrio estático: un pé, nas puntas...	
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	- Sinala correctamente as partes e detalles do seu corpo. - Nomea as partes do corpo sobre si mesmo. - Fai a representación completa do esquema corporal.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	-Asocia algúns números coas cantidades representadas. -Escribe as grafías dos números do 1 ao 6. -Fai agrupacións de obxectos atendendo a unha determinada cantidade. -Realiza estimacións e cálculos sinxelos.	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	-Identifica os sentidos. - Verbaliza as súas sensacións que lle producen as percepcións a través dos sentidos.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	-Recoñece na súa contorna algunhas figuras xeométricas : círculo, cadrado , triángulo e rectángulo.	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	-Recoñece e acepta as súas características persoais. - Confía nas súas posibilidades de acción e movemento.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	-Participa nas actividades dramáticas e musicais da cultura galega. -Escoita e reproduce cancións , ritmos, bailes, etc. Relacionados co entroido.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- Expresa gustos e opinións en diferentes manifestacións artísticas, explicando algunhas emocións.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	-Elabora e participa en creacións plásticas creativas utilizando distintas técnicas e materiais, -Participa nos traballos en grupo.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	- Fai uso das ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.

Contidos

- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
6	A alimentación	93

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	-Asocia algúns números coas cantidades representadas. -Escribe as grafías dos números do 1 ao 8. -Fai agrupacións de obxectos atendendo a unha determinada cantidade.	TI
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	-Asocia produtos de alimentación coas diferentes formas xeométricas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	-Participa en nos xogos libres e dirixidos axustándose ás súas posibilidades persoais.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	-Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes emocións. -Controla as emocións e impulsos negativos.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	- Presenta unha boa motricidade fina. -Manexa as tesoiras axeitadamente.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	- Diferencia as necesidades dos hábitos de hixiene diario. -Recoñece a alimentación necesaria para á vida. - Ao rematar unha actividade recolle e ordea os espazos e materiais.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	-Desprázase de forma autónoma, advertindo os perigos e amosando actitudes prudentes. -Acepta as normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. .	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	-É autónomo no coidado de si mesmo. -Soluciona autónomamente as necesidades que xorden na comida. -Ten iniciativa en recoller e manter os espazos limpos	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	-Coñece as rutinas diarias. -Ordea unha secuencia de accións para resolver unha tarefa; -Respecta as normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	-É autónomo nas súas actividades habituais. -Acepta e respecta as normas . -Axuda nas tarefas de limpar, recoller, ordear,etc...	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	-Goza coa lectura de textos literarios relacionados coa alimentación. -Presta atención e escoita nas lecturas de textos literarios.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	-Participa nas actividades dramáticas e musicais. -Escoita e reproduce cancións, ritmos, bailes, etc relacionados coa alimentación.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- É capaz de expresar gustos, preferencias e opinións sobre as diferentes manifestacións artísticas. -Explica as emocións que lle producen as manifestacións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	- Explorar as posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais . - Participa no traballo en grupo.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	- Fai uso das ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade. - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. - Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Memorización e recitado de textos literarios. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
7	A primavera	93

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	-Asocia algúns números coas cantidades representadas. -Escribe as grafías dos números do 1 ao 9. -Fai agrupacións de obxectos atendendo a unha determinada cantidade.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	- Recoñece elementos xeométricos básicos na súa contorna.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	- Participa tanto en xogos libres coma dirixidos. - Respecta as normas nos xogos.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	- Mostra curiosidade polo medio natural. - Recoñece a influencia das persoas no medio natural.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	- Recoñece e respecta o medio natural da súa contorna.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	-Expresa con espontaneidade ideas a través da expresión oral.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	- Valora o coidado e respecta os seres vivos.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	-Expresa oralmente con facilidade. -Usa progresivamente un léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.	TI
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo.	-Gusta de facer uso da escritura (convencional ou non)para transmitir información.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	-Elabora textos tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	-Elabora textos tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	-Elabora textos tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	- Goza coa lectura de textos literarios. -Expresa con atención as narracións -Memoriza e recita textos literarios: adiviñas, contos cantados, poesías,etc...relacionados cos primaveras	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	- Participa en conversacións e diálogos ao redor de textos literarios .	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	-Progresa na expresión oral dos seus sentimentos e emocións -Expresa gustos, preferencias e opinións explicando algunhas emocións .	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	-Participa nas actividades dramáticas e musicais. -Escoita e reproduce cancións, ritmos, bailes, etc relacionados coa primavera.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- Expresa gustos e opinións en diferentes manifestacións artísticas, explicando algunhas emocións.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	- Realiza creacións plásticas con diferentes técnicas e materiais . - Participa no traballo en grupo.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	- Fai uso das ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Os seres vivos e as súas características. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas. - Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números

Contidos

- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
8	A nosa cultura	94

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	-Identificva cantidades e asocia cos seus números. -realiza as grafías dos números.	TI
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	-Manifesta as súas vivencias e sentimentos con seguridade de si mesmo nos xogos e en outras situacións da vida cotía. -Actúa por iniciativa propia.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	- Amplia e utiliza vocabulario das linguas cooficiais de Galicia. -Mostra interese por saber e aprender o significado de verbas novas.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	-Gústalle participar en xogos libres e dirixidos. -Respecta as normas dos xogos.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	-Valora a lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	-Valora e mostra interese nas relacións sociais que establece coas persoas da súa contorna.	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	-Mostra respecto polos diferentes modelos de familias.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	-Valora as diferentes profesións relacionadas con traballos artesanais galegos: cesteiros, ferreiros, telleiros, etc...	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	-Identifica algunhas festas, costumes e tradicións propias e alleas. -Participa e coñece as festas que se celebran no seu contorno(Letras galegas) -Valora as festas, costumes e tradicións propias .	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	-Sente curiosidade por achegarse ao patrimonio cultural de Galicia. -Sabe o nome e algunhas características da vida do autor homenaxeado este a no 2023 no Día das letras Galegas. -Recoñece a figura de Rosalía de Castro.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	-Escoita con atención e goce a lectura de diferentes textos literarios de tradición oral. -Memoriza e recita textos literarios: adiviñas, contos cantados, poesías, etc...relacionados coa persoa homenaxeada no Día das letras galegas e outros de tradición cultural galega..	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	-Participa nas actividades dramáticas e musicais da cultura galega. -Escoita e reproduce cancións , ritmos, bailes, etc. de tradición cultural galega..	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- Expresa gustos, preferencias e opinións explicando as súas emocións.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	-Elabora e participa en creacións plásticas creativas utilizando distintas técnicas e materiais. -Participa nos traballos en grupo.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	- Fai uso das ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Relacións de parentesco. - A escola. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega. - Memorización e recitado de textos literarios. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
9	O mar e o verán	95

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	-Asocia algúns números coas cantidades representadas. -Escribe as grafías dos números do 1 ao 10.. -Fai agrupacións de obxectos atendendo a unha determinada cantidade.	TI
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	- Identifica formas planas e tridimensionais (círculo , esfera).	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	- Verbaliza sentimentos, emocións, vivencias propias. - Comprende as manifestacións expresivas dos demais.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	- Participa tanto nos xogos libres coma dirixidos. - Respecta as normas no xogo.	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	- Identifica os usos sociais e as funcións da lectura e da escritura.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	-Escoita con atención e goce a lectura de diferentes textos literarios. -Memoriza e recita textos literarios: adiviñas, contos cantados, poesías,etc...relacionados co mar.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	- Discrimina as diferentes sons relacionados co mar (son do mar, buxaina do mar, nenos xogando na praia).	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	-Participa e interpreta as actividades dramáticas e musicais. -Escoita e reproduce cancións, ritmos, bailes, etc...	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	- Respecta as producións alleas.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	- Expresa emocións e ideas nas diferentes manifestacións artísticas e culturais.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	- Expresa con espontaneidade e coherencia gustos e opinións a través das distintas manifestacións artísticas.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	- Interpreta musicalmente outras linguaxes .	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	- Participa e elabora creacións plásticas e creativas utilizando distintas técnicas e materiais. - Participa activamente no traballo en grupo.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	- Fai uso das diferentes ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Memorización e recitado de textos literarios. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.

Contidos

- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A incorporación das competencias clave da E.I fixo imprescindible comezar a empregar modelos que permitan a adquisición de destrezas que contibúan a aprender a ser e a aprender a facer para avanzar no desenvolvemento íntegro e armónico.

Todo proceso de aprendizaxe estará marcado pola observación, a experimentación, manipulación e xogo sempre dende unha perspectiva globalizadora e partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado e dos seus coñecementos previos e na procura de aprendizaxes significativas e emocionalmente positivas.

Teranse en conta as necesidades e as oportunidades individuais do alumnado, así como as do seu contexto familiar e estableceranse as medidas ordinarias e extraordinarias que garantan a súa inclusión educativa, fomentando a inclusión social do alumnado con discapacidade. Será esencial favorecer, tamén, os principios de socialización, aprendizaxe cooperativo, inclusión e a relación cos iguais, mediante a competencia emocional, nun clima de seguridade e confianza.

No que respecta a relación coas familias, existen numerosas vías de comunicación e colaboración coas mesmas. De xeito indirecto, temos os contactos informais diarios, as reunións trimestrais, a entrevista inicial, o cuestionario e ABALAR. Por outro lado, de forma directa, contamos coa participación das familias, de maneira institucionalizada (ANPA e Consello Escolar), esporádica (festivais do curso) e sistemática (a través de talleres que se realizarán na aula, como contacontos).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
RECURSOS ESPACIAIS
RECURSOS PERSOAIS
RECURSOS MATERIAIS

Recursos espaciais: son os mencionados anteriormente na introducción. Ademais, podemos facer referencia a organización do espazo nas aulas o cal responde a varios principios: a necesidade de crear un ambiente achegado a vida do alumnado e aproveitar e rentabilizar os recursos existentes.

Recursos persoais: nomeados tamén da introducción.

Recursos materiais: na aula principal os materiais e os xogos están separados nos diferentes recantos dependendo da súa finalidade:

- Lecto-escritura: contamos con letras inmantadas, tarxetas do su nome, vocabulario da época do ano, imaxes con palabras variadas, etc.
- Lóxico-matemática: regletas, tangram, series numéricas, figuras xeométricas en definitiva, material manipulativo para facer seriacións, clasificacións e agrupamentos.
- Plástico-artístico: témperas, pinceis, lápices, esponxas, ceras, papeis de diferentes texturas, tesoiras, etc.
- Xogo simbólico: animais, coches, cociña, plancha, "casiña", etc.
- Sensorial: area, bolas de hidroxel, materiais do entorno natural, telas e a mesa de luz, entre outros.

Non podemos deixar de lado os recursos TIC, entre os que podemos destacar a PDI, o ordenador ou escornabots. Ademais o noso centro está admitido nos Polos Creativos, os que nos proporcionan diversos materiais como radio, croma ou televisión. Así como unha estación meteorolóxica, tanto dixital como analóxica

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ó longo do curso avaliamos o noso alumnado en 4 sesións. No que respecta a inicial tivemos en conta a observación directa e sistemática e as entrevistas realizadas as familias.

Con respecto a mesma, será global, contínua e formativa.

1. Cando o alumnado se incorpore ao segundo ciclo de educación infantil, as persoas titoras dos grupos realizarán unha avaliación inicial de cada un. Así mesmo, esta avaliación realizarase cando unha alumna ou un alumno se traslade dun centro a outro. A avaliación recollerá os datos máis destacados do seu proceso de desenvolvemento, terá en conta os datos relevantes achegados pola información das familias na entrevista inicial e, se é o caso, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan interese para a vida escolar. E, de ser o caso, os informes de escolarización anteriores.

2. A avaliación inicial completase coa información obtida na observación directa por parte dos profesionais que atenden as nenas e nenos sobre o grao de desenvolvemento das capacidades básicas correspondentes á súa etapa evolutiva durante o período de adaptación ao centro escolar.

3. O equipo educativo adoptará as decisións relativas ao tipo de información que se precisa neste momento inicial da avaliación, así como ás técnicas ou instrumentos que se van empregar para recoller e consignar a dita información. Estas decisións quedarán reflectidas no proxecto educativo.

A nosa está programada para a segunda quincena de setembro, no que participarán, tanto as persoas titoras, como os especialistas dos devanditos grupos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación para o segundo ciclo de Educación Infantil, de maneira resumida, serán os seguintes:

1-Área de Comunicación e Representación da Realidade:

Bloque 1

Intención e interacción comunicativa:

-Participar de maneira activa nos diversos tipos de situacións comunicativas. Interpretar as mensaxes mediante as diferentes formas de representación. Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas.

Bloque 2

As linguas e os seus falantes:

-Buscaremos participar en diferentes situación facendo uso das linguas cooficiais así como da lingua estranxeira.

Bloque 3

Comunicación verbal oral. Comprensión-expresión-diálogo:

-Trataremos que o alumnado faga uso da linguaxe oral nas interrelacións cos demais adquirindo unha maior eficacia comunicativa.

Bloque 4

Aproximación a linguaxe escrita:

-Producir diferentes textos con escritura convencional ou non, desenvolvendo habilidades grafomotrices.

Bloque 5

Aproximación á educación literaria:

-Fomentaremos o uso da biblioteca participando en actividades de aproximación a literatura infantil establecendo de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.

Bloque 6

Linguaxe e expresión musical:

- Buscaremos que o alumnado identifique e discrimine sons e silencios e tamén achese a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar explorando diferentes instrumentos.

Bloque 7

Linguaxe e expresión plástica e visual

-Elaborar creacións plásticas utilizando diferentes materiais e técnicas expresando emocións e valorando as producións dos demais.

Bloque 8

Linguaxe e expresión corporal

-Fomentar a exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo a través da dramatización respetando as producións dos demais.

Bloque 9

Alfabetización dixital

Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais fomentando un uso saudable e responsable.

2-Área de Crecemento e Harmonía:

Bloque 1

O corpo e o control progresivo

-Neste bloque valoraremos aspectos relacionados coa psicomotricidade fina e grosa así como xogos grupais e individuais e as semellanzas e diferenzas entre as persoas.

Bloque 2

Equilibrio emocional e desenvolvemento da afectividade

-Avaliaremos a tolerancia a frustración e a capacidade de identificar e expresar os seus sentimentos e as súas emocións.

Bloque3

Hábitos de vida saudable para o autocoidado e o coidado da contorna.

-Avaliaremos o desenvolvemento dos nenos e nenas en actividades da vida cotiá e na aceptación de normas.

Bloque 4

Interacción socioemocional na contorna. A vida coas demais persoas.

-Avaliaremos as actitudes de afecto e empatía cos compañeiros e compañeiras, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.

3-Área de Descubrimento e Exploración da Contorna

Bloque 1

Diálogo corporal coa contorna. Exploración creativa de obxectos, materiais e espazos.

-Aquí valoraremos a competencia matemática do alumnado: clasificar, medir, seriar, cantidades cos seus números, graffías, cálculo, nocións espaciais e temporais... en definitiva, establecer distintas relación entre os obxectos.

Bloque 2

Experimentación na contorna. Curiosidade, pensamento científico e creatividade.

-Valoraremos que o alumnado empregue diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía. Así como, iniciarse en metodoloxías activas, como a STEM.

Bloque 3

Indagación no medio físico e natural. Coidado, valoración e respecto

-Mostrar una actitude de respecto e coidado cara o medio natural identificando os seres vivos e inertes e as súas características.

Bloque 4

Descubrimento e participación na contorna social. Relacións, servizos e actividades culturais.

-Identificar os primeiros grupos sociais de pertenza, valorando as relacións sociais, coñecendo e participando en festas, costumes e tradicións da cultura galega.

Descubrir as diferentes profesións e servizos da contorna.

Crterios de recuperación:

Non se aplica

6. Medidas de atención á diversidade

De conformidade co Decreto 229/2011, do 7 de decembro e a Orde de 8 de setembro de 2021 enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Con respecto a nosa aula, levaremos a cabo as seguintes medidas de atención a diversidade:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.

- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Na nosa aula, non temos ningún caso actualmente con NEAE, polo que non se levará a cabo ningunha medida extraordinaria, exceptuando o apoio da AL a cal traballa unha hora semanal na mesma. Como titor estarei en

contacto permanente coa orientadora do centro, por se xorde algún caso potencialmente valorable.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a paz	X				X			X
ET.2 - Educación ambiental.		X					X	
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para á saúde				X		X		
ET.5 - Educación para o consumo			X			X		
ET.6 - Educación vial						X		

	UD 9
ET.1 - Educación para a paz	
ET.2 - Educación ambiental.	X
ET.3 - Educación para a igualdade	X
ET.4 - Educación para á saúde	
ET.5 - Educación para o consumo	
ET.6 - Educación vial	

Observacións:

A través da educación exercitamos estes valores democráticos que fan posible a vida en sociedade e a adquisición de convivencia democrática e de respecto a través do desenvolvemento de actitudes de compañerismo, de axuda ós demais, de orde e limpeza, de uso do diálogo, de rexeito a violencia e á agresividade, de coidado dos bens naturais, fomentando un estilo de vida e comportamento cotiá baseado nos valores que a sociedade precisa para o seu bo funcionamento.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Centro ecuestre A Jranxa	Coincidindo coa Unidade Didáctica do Outono realizaremos unha visita o Centro Ecuestre onde entre outras actividades farase unha pequena excursión polo monte observando o estado do monte de acordo a estación na que estamos, recolleremos diferentes froitos do outono que vaíamos atopando así como diferentes tipos de follas.			
Granxa escola Serantellos	Coincidindo co PDI que este ano académico está adicado á alimentación saudable, faremos esta visita co fin de que o alumnado recoñeza a orixe dos alimentos tanto animais como vexetais			
Teatro Abanca. Obra "Feo"	Asistiremos como público a obra de teatro "Feo" Un canto a diversidade e esencia de un mesmo fomentando valores igualitarios e potenciando a convivencia igualitaria entre as persoas.			

Observacións:

Entendemos por actividades complementarias, aquelas que se realizan no horario lectivo, aínda que se poden prolongar máis alá do horario na xornada escolar e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazos e recursos que utilizan. Figuran na PXA, despois de ser aprobadas polo CE e a participación nelas é voluntaria e require autorización previa por escrito dos titores legais sempre que se leven a cabo fora da localidade.

As posibles saídas principais que faremos este curso co alumnado de Infantil son:

- Centro ecuestre "A Jranxa" (O Grove).
- Granxa escola "Serantellos" (Cambados).
- Teatro Abanca (Pontevedra).

Ademáis, atendendo a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar, conmemoraremos diferentes datas o longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Indicadores de preparación
Indicadores de realización
Indicadores de avaliación

Descrición:

Indicadores de preparación:

Realizamos a programación da nosa actividade educativa tomando como referencia a concreción curricular. Formulamos os obxectivos didácticos de forma que expresen con claridade as habilidades que o noso alumnado debe acadar mediante a intervención educativa.

Seleccionamos e secuenciamos os contidos da miña programación de aula cunha distribución e progresión axeitada ás características do alumnado.

Planificamos as clases de forma flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, temporais, espazos, agrupamentos...) axustados ás necesidades do alumnado...

Indicadores de rendemento:

Propoñemos situacións introdutorias previas ao tema a traballar (contos, montaxes...)

Mantemos o interese do alumnado en función das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.

Relacionamos os contidos e as actividades cos intereses e coñecementos previos dos nosos alumnos.

Nas actividades que propoñemos hai un equilibrio entre as actividades individuais e o traballo en grupo.

Utilizamos recursos didácticos variados (audiovisuais, TIC, plásticos...), tanto para a exposición dos contidos como para a práctica do alumnado, favorecendo o seu uso autónomo...

Indicadores de avaliación:

Temos en conta o procedemento xeral, que especificamos na programación, para a avaliación das aprendizaxes.

Aplicamos criterios de avaliación en cada unha das unidades de acordo co acordo curricular.

Utilizamos sistematicamente diversos procedementos e instrumentos para recoller información (registro anecdótico, lista de verificación...).

Utilizamos estratexias e procedementos de autoavaliación e coavaliación grupal que fomenten a participación do alumnado na avaliación.

Utilizamos diferentes medios para informar a pais, profesores e alumnos (sesións de avaliación, informes trimestrais, reunións...) dos resultados da avaliación...

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

- As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación, modificacións e propostas de mellora.

Con respecto ao proceso de seguimento realizaremos unha autoavaliación inicial, partindo das propostas de mellora concretadas na autoavaliación final do curso anterior e recollidas na memoria final de ciclo.

- Continuaremos cunha autoavaliación procesual do proceso ensino-aprendizaxe tomando as posibles medidas durante o curso escolar, rectificando aspectos que non funcionan para poñer os medios necesarios e actuar. Esta avaliación permítenos garantir que o proceso ensino-aprendizaxe poida ser rectificado no seu desenvolvemento.

Finalizaremos cunha autoavaliación final cando remate o curso na que as conclusións sobre propostas de mellora extraeranse da nosa propia autoavaliación, así como a feita polo alumnado e a través de cuestionarios enviados as familias e dos intercambios orais ou das aportacións feitas por observadores externos como poden ser outros mestres do ciclo de educación infantil.

- Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.

- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.

- O desenvolvemento da programación responden á secuenciación e temporalización.

- A metodoloxía didáctica foi axeitada.

- A organización da aula e o ambiente entre o alumnado, así como a relación entre profesorado, alumnado e familias foi óptima.

- A coordinación entre os mestres de ciclo e a coherencia entre ciclos foi positiva.

- Os materiais didácticos foron suficientes e adecuados, aproveitando os recursos da contorna.

- A adecuación á atención a diversidade foi a correcta.

- A adecuación das pautas de avaliación no proceso ensino-aprendizaxe foron axeitadas.

9. Outros apartados

Borrador